



CIRCULAR 47-2019. **XXXI CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A F.G.A organiza o XXXI Campionato de Galicia de Clubs ó Aire Libre o día **27 de Abril de 2019**, nas pistas de A Malata de Ferrol.

Art.2) Poderán intervir un total de 8 clubs masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados do Campionato de Galicia de Clubs da pasada tempada 2017/18. Estes clubs son:

Homes: R.C. Celta, Sociedad Gimnástica de Pontevedra, C.A.Santiago e C.A.Narón.

Mulleres: Atletismo Femenino Celta, Ría Ferrol-Concepción Arenal, Sociedad Gimnástica de Pontevedra e ADAS.

Todos estes clubs deberán confirmar a súa participación antes do 15 de abril.

O resto dos Clubs, ata completar o máximo indicado de 8 en cada categoría, designaranse por estadillo de marcas da tempada 2017/18 e 2018/19 dos/as atletas con licenza por ese club na tempada actual, aínda que no 2018 teñan estado noutro club. O sistema de puntuación obterase puntuando as seguintes probas:

Homes: 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 110v., 400v. 3.0000bs., altura, lonxitude, triplo, pértega, peso, disco, xavelina, martelo e 10km marcha.

Mulleres 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 100v, 400v., 30000bst. altura, lonxitude, triplo, pértega, peso, disco, xavelina, martelo e 5km marcha.

O estadillo conformarase cun atleta por proba e cada atleta poderá puntuar nunha soa proba realizándose na intranet (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) como data límite o día **14 de abril de 2019**. Os rexistros deberán ser acadados en probas oficiais e estar homologados. Valen as marcas de 5.000 polo 3.000 e o 10.000 polo 5.000 marcha así como as marcas da pista cuberta.

Art.3) No referente á participación de atletas estranxeiros/as e atletas de Clubs Asociados, aplicaranse as mesmas normas que ten a RFEA:

- Atletas estranxeiros/as: **5 participacións** (Non contabilizarán os/as atletas de categoría sub18 e sub16).
- Atletas de Clubs Asociados: **6 participacións**

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 23 de abril.**

Art.5) O sistema de puntuación será establecido por postos. En cada carreira ou concurso establecerase o seguinte criterio, 1º: N+1, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o



número de clubs que participan. Os/as atletas (ou equipos) retirados ou descalificados non puntuarán.

Art.6) Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos. Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.7) Cada Club participante deberá cubrir un mínimo de **15 probas**, non admitindo aqueles que non cheguen a este mínimo. Por acordo da comisión de clubs, aplicarase a mesma normativa que a establecida pola RFEA para as súas competicións de clubs.

- **Categorías Sénior/Máster, sub23, sub20:** unha proba individual e un relevo.
- **Categoría sub18:** tódalas probas autorizadas. Só poden facer unha proba individual e un relevo. De tal xeito que a suma das distancias percorridas si son carreiras non exceda os 510m.
- **Categoría sub16:** unha soa proba sempre e cando esta se contemple no cadro de probas válidas para esta categoría.

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

Art.8) O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados nas probas de relevos, agás as inscricións realizadas previamente, non se contabilizarán

Art.9) O sorteo de rúas e orde de actuación comunicarase unha vez recibidas todas as inscricións.

Art.10) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.11) Alturas dos listóns: Colocaranse a altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permitan os saltómetros, ata continuar ca cadencia que se publicara co horario definitivo.



Art.12) Horario da competición (provisional):

HORARIO PROVISIONAL				
XORNADA DE TARDE				
		15:00	Martelo	HOMES
5000 marcha	HOMES	16:00	Pértega	HOMES
			Martelo	MULLERES
5000 marcha	MULLERES	16:30	Altura	HOMES
400 valos	HOMES	17:00	Lonxitude	MULLERES
			Disco	HOMES
400 valos	MULLERES	17:10		
400	HOMES	17:20		
400	MULLERES	17:25		
800	HOMES	17:30		
800	MULLERES	17:35		
200	HOMES	17:45		
200	MULLERES	17:50		
1500	HOMES	18:00	Lonxitude	HOMES
			Disco	MULLERES
1500	MULLERES	18:10		
110 valos	HOMES	18:20		
100 valos	MULLERES	18:30	Pértega	MULLERES
			Peso	HOMES
100	HOMES	18:40		
100	MULLERES	18:45		
3000 obstáculos	HOMES	18:55		
		19:00	Triplo	HOMES
			Xavelina	MULLERES
			Altura	MULLERES
3000 obstáculos	MULLERES	19:10		
3000	HOMES	19:30	Peso	MULLERES
3000	MULLERES	19:45		
		20:00	Triplo	MULLERES
			Xavelina	HOMES
4x100	HOMES	20:05		
4x100	MULLERES	20:15		
4x400	HOMES	20:25		
4x400	MULLERES	20:35		

Horario de saída á pista límite de presentación en **Cámara de chamadas (deberán presentar DNI ou cualquier documento con foto)**: Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal postos.

- Carreiras e marcha: 10 minutos antes da hora oficial da proba.
- Carreiras con valados e relevos: 15 minutos antes da hora oficial da proba.
- Saltos (agás pértega): 20 minutos antes da hora oficial da proba.
- Pértega: 40 minutos antes da hora oficial da proba.
- Lanzamentos: 20 minutos antes da hora oficial da proba.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.13) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 4 de abril de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo